

ACTA N.º 12/2013
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE NOVEMBRO
DE 2013

ASUNTOS

I. PARTE RESOLUTIVA

- 1.1 - ACTA ANTERIOR
- 1.2 - CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER Galicia 2007-2013). Texto definitivo
- 1.3 - REXEITAMENTO DE REPAGO PARA FÁRMACOS EN HOSPITAIS
- 1.4 - REXEITAMENTO DA SUBA DO CANÓN DE SOGAMA POLO TRATAMIENTO DO LIXO
- 1.5 - MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA PO-552
- 1.6 - RENUNCIA DA CONCELLEIRA Dª. ANA ROSA COSTAS ABALDE
- 1.7 - MOCIÓN DE URXENCIA
 - 1.7.1. ENTREGA AOS GRUPOS MUNICIPAIS DE COPIA EN SOPORTE INFORMATICO DAS ALEGACIONES AO PXOM
 - 1.7.2 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRUAS E RESERVAS DA VIA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADÓRIAS DE CALQUERA CLASE

II. CÓMPLICES DOS ÓRGÃOS DO GOBIERNO

- II.1.- RESOLUCIONES DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á ADHESIÓN AO CONVENIO XUNTA-FEGAMP: DESENVOLVEMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
- II.2.- DAR CONTA DO INFORME DE VALORACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013, DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA LEI 15/2010, DE 15 DE XULLO
- II.3.- DAR CONTA DO INFORME DO INTERVENTOR, DE VALORACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGLA DE GASTO E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013
- II.4.- RÓGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP.

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP.

- D. Alberto García Pazos
- D.º Liliana Silva Pequeño
- D. José Álvarez Valverde
- D.º M.º Carmen Alonso Macías Jarreto
- D.º Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.º M.º José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.º M.º Dolores Araujo Duarte

- D. M. Do ores Martínez Losada
 - D. Rubén Rial Sánchez
 - D. Manuel Doldán Costas
 - D. Ana Pérez Pérez
- Mxto
- D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. António Ferrández Comesaña
- Non Asistido.
- D. Ignacio Vivas González
-

Interventor: D. Modesto Solia Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- Data: Xoves, 28 de novembro de 2013.
- Lugar de celebración: Salón de Sesións da Casa Consistorial de N grán
- Carácter da sesión: ordinaria.
- Convocatoria: primeira.
- Hora de comezo: 10:01
- Hora de remata: 12:59
- Número legal de membros da Corporación: 17
- Número de membros asistentes no momento da constitución: 16
- Non asistente: D. Ana Rosa Costas Abalde

Incidencias:

- a) Alteracións no quórum de asistencia durante a sesión: Non se producen.
 - b) Outras incidencias: Non se recollen
-

Aberto o acto público o Sr Alcalde anuncia dúas declaracions institucionais.

En primeiro lugar, dálle a palabra á Concellera Delegada D.ª M.ª José Pino Fernández, quon procede á lectura da seguinte.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DEL DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLÉNCIA DE XÉNERO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de N.grán, con motivo da conmemoración do dia 25 de novembro, dia internacional contra a violencia de xénero reitera o seu compromiso de traballar para acatar unha sociedade libre de violencia traxista e garantizar o principio da igualdade que debe ruxir todas as sociedades democráticas.



En este compromiso, especial atención merece a violencia exercida hacia as mulleres mais xóvenes. Os datos apuntan a un incremento en situacions de desigualdade na poboación mais nova, a idade das mulleres que denuncian delitos de violencia de xénero va en descenso, unha de cada tres denuncias corresponde a mulleres menores de trinta anos. Por outra parte as novas tecnoloxías ocupan xa un lugar importante no xeito de relacionarse os mozos e mozas, e revelan unha nova forma no ejercicio da violencia de xénero o ciberacoso. Será esquadrar a violencia sexual quod sofrén os menores, unha das violencias más invisibles e difíceis de detectar, a cuxo análise dedicamos este ano as II Xornadas sobre violencia de xénero organizadas polo Concello de Nigrán.

No que va de ano e segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (actualizados a 25/11/2013) corrente e cinc mulleres, unha de elas galega, morreron a mans das súas parellas ou exparellas. Sobre novas falecidas dunha arri, existen outros catro casos que están en proceso de investigación, un de eles en Galicia. Cinco menores foron vitimas mortais e corrente quedaron heridos por mor de violencia de xénero. Estos alarmantes datos deben alentear a todos os poderes públicos a traballar sen descanso, para a erradicación da violencia de xénero, unha das mais graves violaciones dos dereitos humanos.

Por todo o exposto anteriormente propóuse ao Pleno a adopción dos seguintes COMPROMISOS

PRIMEIRO - O Concello de Nigrán rexeita todo acto discriminatorio entre mulleres e homes e proclama a tolerancia cero ante a violencia hacia as mulleres.

SEGUNDO.- O Concello de Nigrán comprométense, no marco das súas competencias e dentro do seu Plan de Igualdade, a arbitrar as medidas necesarias para consolidar a igualdade e luchar contra a violencia de xénero.

TERCEIRO.- O Concello de Nigrán comprométense a promover o coñecemento e a difusión da violencia de xénero como ferramenta eficaz para súa erradicación, así como a darle visibilidade ás manifestacións de violencia de xénero mais ocultas.

CLARTO.- O Concello de Nigrán reitera o seu compromiso de incluir aos fillos e filñas como vitimas directas de violencia de xénero en todos os programas específicos destinados á prevención, erradicación e tratamiento da violencia de xénero.

...

A continuación o Sr. Alcalde dálle lectura ao apartado final doutra declaración, esta relativa ao apoio ás familias das vítimas das persoas asasinadas en Nigrán en 1994 e repulsa do crimen, entregando para constancia o texto íntegro da mesma, que se transcribe:

Una de los acontecimientos más terribles y macabros ocurridos en Nigrán y que aún tocas tenemos en nuestro recuerdo y que a día de hoy todavía genera un más que triste recuerdo e infinito dolor, es el ocurrido en el año 1994 en la parroquia de Priegue.

E. 3º de enero de 1994 dos ex policías, Manuel Lorenzo Vázquez y Jesús Vela Martínez, se presentaron en el chalet de la familia Fernández Sanromán donde se encontraba el matrimonio con sus tres hijos y a persona que trabajaba en el hogar. Una vez en el interior intimidaron, manataron y amordazaron al matrimonio, a sus tres hijos y a la empleada de hogar y los

sometieron a vejaciones durante toda la noche para obtener un rescate que, inicialmente, fijaron en 200 millones de pesetas y que acabó recuviéndose a 20. Al día siguiente, los ex policías cometieron una matanza en la que acabaron con la vida de David Fernández Grande, con 58 años, de su mujer, Pilar Sanromán, de 47, la hija de ambos, Marta, de 23, y la asistenta, Ana Isabel Costas Piñeiro, también de 23 años. Los dos hijos varones, David y Pedro, lograron escapar y salvaron la vida.

La delación de los ex policías se produjo la noche del 1 de febrero. La Audiencia de Pontevedra los condenó a 212 años por seis delitos de detención ilegal, tres de asesinato, uno de robo con homicidio, dos de homicidio en grado de tentativa y uno de utilización ilícita de vehículo a motor. Los fallos condenatorios de los exagentes llegaron en 1996, dos años después de haber cometido la matanza.

El pasado 21 de octubre el Tribunal Europeo de los Derechos Humanos dictó sentencia por la cual se anulaba la aplicación con carácter retroactivo de la conocida como doctrina Parot, lo que generaría de forma inmediata la sentencia también derogatoria de esta aplicación por parte del Tribunal Supremo y que supondría secundar por parte de la justicia española el fallo europeo. Esta sentencia revocaba la reinterpretación de la aplicación de beneficios penitenciarios que en 2006 realizaba el Supremo con el fin de evitar el adelanto de la salida de prisión de reos como los autores del macabro asesinato que tuvo lugar en 1994 en nuestro municipio. En base a aquella revisión, las rendiciones se contabilizaban sobre la totalidad de las penas, en este caso 212 años para cada uno, y no sobre el máximo de 30 años que los condenados pueden permanecer encarcelados. La doctrina Parot fijaba el cumplimiento de las condenas de los autores del cuádruple asesinato en 2024.

Con la sentencia a, el nuevo cálculo en vigor determina que Jesús Vela tendría que haber dejado la penitenciaría catalana el 20 de enero de 2008 y Manuel Lorenzo, la de Madrid el 1 de junio de 2009, por lo que hace unos días la Sesión Tercera de la Audiencia Provincial de Pontevedra decretó el licenciamiento definitivo de ambos al dejar sin efecto la conocida doctrina Parot. De esta forma, los dos ex policías autores del cuádruple crimen de Nigrán, Manuel Lorenzo Vázquez y Jesús Vela Martínez, ya están en libertad tras cumplir 19 años de los 212 de condena en prisión.

Los acontecimientos del 94 han causado un dolor y una falta irreparable a dos familias de Nigrán que estos días, con la salida en libertad de los dos ex policías asesinos están lamentablemente reviviendo.

Por ello, la Corporación Municipal de Nigrán quiere institucionalizar el apoyo a las familias así como mostrar su apoyo a las reivindicaciones realizadas por estas bajo su lema 'Derechos humanos también para las víctimas', y mostrar la más energética repulsa a que los autores de inhumanos acontecimientos que han acabado con 4 vidas estén en estos momentos en libertad.

A sesión continuou, tratándose os asuntos que seguidamente se describen:



I.1 - ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data. 31 de outubro de 2013

Pregunlando o Sr. Presidente se algúr membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se produciron intervencións.

Votación e acuerdo. Sometida á votación a acta da sesión do 31 de outubro de 2013 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

I.2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO (FEDER Galicia 2007-2013). Texto definitivo

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21/11/2013 acordou proponer ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Organismo Augas de Galicia remite de novo para a súa aprobación o texto do convenio que a seguir se transcribe e que contén cambios en relación co aprobado o 31 de outubro de 2013 polo pleno do Concello, concretamente engácese no título a referencia ao cofinanciamento polo FEDER; na cláusula segunda desagrégase o investimento de Augas de Galicia en actuacións de saneamento e abastecemento; finalmente, indicase que o prazo de vixencia se estende ata o 31-12-2015.

Text-

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE NIGRÁN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DAS REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMENTO EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO DE NIGRÁN, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVIMENTO REGIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.

En Santiago, a ----- de 2013.

REUNIDOS

Dunha parte, O. Agustín Hernández Fernández de Rojas, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exerce das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, D. Alberto Valverde Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no exerceio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Raxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro. - O Concello de Nigrán exerce, entre outras, as competencias de protección do medio ambiente, regulada no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de régimen local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia atribuíe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, tendo en concreto as competencias de protección do medio ambiente, o subministro de augas e o tratamento de residuos, suministros e tratamento de augas residuais, segundo o establecido no artigo 80.2.i) da citada Lei 5/1997.

Segundo. - Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, de 18 de novembro de 2010) e regulada polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG nº 9, de 13 de xaneiro de 2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Consideranse incluidas dentro do seu obxecto a preparación e a contratación de obras e servizos e o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto do ente público.

Terceiro. - A citada Lei 9/2010, de 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos as corporacións locais nas materias da súa competencia.

Cuarto. - Na actualidade o Concello de Nigrán dispón dun servizo municipal de abastecemento de auga moi deficiente.

Na ETAP existe un depósito que ten unha capacidade limitada en previsión da demanda futura, por este motivo é urgente a execución de dous novos depósitos: un novo depósito na zona este de Nigrán, destinado principalmente ao abastecemento das núcleos rurais interiores e outro novo depósito que abasteza a demanda que se podería xerar como resultado de novos desenvolvimentos urbanos no sur.

En tanto as redes de distribución existentes resulta necesaria a realización de actuacións puntuais de mellora co obxectivo de prolongar algunas conduccións e de favorecer as conexións da rede.

Polo que respecta ao saneamento, no termo municipal de Nigrán coexisten redes de saneamento unitarias e redes de saneamento separativas.

Nas redes unitarias, mestúranse as augas fecais coas pluviais o que implica numerosos problemas de exusto dos parámetros de depuración e de colapso dos colectores de saneamento sendo necesaria a execución de redes separativas de augas nas zonas nas que, na actualidade, as redes sexan unitarias.

O mesmo xito é fundamental a instalación dunha axeitada rede de saneamento nos lugares nos que non existe, como via para reducir o emprego dos pozos-fosas sépticas como sistema de evacuación de augas residuais, uso que en numerosas ocasións se traduce en filtracións ao solo cos conseguintes problemas de contaminación medioambiental tanto no medio terrestre como nas augas subterráneas.

En consecuencia, e tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, a Xunta de Galicia pretende executar determinadas obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en réxime de colaboración co Concello de Nigrán.

En virtude do anteriormente exposto, as partes, actuando mediante as representacións indicadas, subscriven e formalizan o presente convenio co suxección ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

É obxecto deste Convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución de determinadas obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do Concello de Nigrán.

Estas obras promoven a mellora do medio ambiente, contribuindo ao obxectivo transversal de sostenibilidade e protección medioambiental.

SEGUNDA.-OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio

A.-Augas de Galicia obrigase a:

-Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte.

-Contratar, mediante os oportunos expedientes, as seguintes obras, a executar por un importe total de OITOCENTOS MIL EUROS (800.000 €).

- Ampliación rede abastecemento A Parada e depósito
- Saneamiento en Caán, Lagoiña e Xestal;
- Saneamiento en Mostra Ermárita e C-560.
- Saneamiento en Rúa Palomar e Remal.
- Saneamiento en Camiño Pifieiro e Rúa Dehesa.
- Saneamiento en Camiño do Rincho

-O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.

-Entregar as citadas obras ao concello, unha vez sexan recibidas de conformidade, co fin de que por este sexa asumido o seu mentemento e conservación.

B.-O Concello de Nigrán obrigase a

-Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio que se concretan na cláusula seguinte, remitindo a Augas de Galicia o compromiso de efectuar as achegas

correspondentes.

-Contratar, mediante os oportunos expedientes, as obras que a continuación se detallan a executar por un importe total de **DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 €)**:

- Tanque de tormenta zona perimetral Porto do Molle (Saneamento).
- Saneamento en Camiño do Morile, Camiño Regueiro e outras ampliacións.

-O control, dirección, execución e coordinación das actuacións necesarias para a execución dos proxectos das obras enriba citadas e, unha vez executadas, a súa recepción.

-Prestar, no seu momento, conformidade cos proxectos técnicos das obras e emitir a certificación acreditativa, se proceda, de ter sometido a información pública os proxectos, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles e, no seu caso, un informe sobre as alegacións presentadas.

-A pasta a disposición efectiva mediante certificado, libre de cargas e gravames de todos os ferreos necesarios para a normal execución das obras e aportar, de ser o caso, os correspondentes permisos, licenzas e autorizacións necesarias para levarlas a cabo.

-Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter fiscal con motivo das obras.

-Respecto das actuacións que contrate Augas de Galicia: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras por Augas de Galicia e previa entrega destas ao Concello, a explotación, mantenemento e conservación das mesmas. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 4 do Decreto 246/1992, de 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes do sector público.

-Respecto das obras que contrate o concello: asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras polo Concello, a explotación, mantenemento e conservación das mesmas.

TERCEIRA.-RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas ascende a 1.000 000 € (UN MILLÓN DE EUROS), que serán financiadas de acordo co seguinte réxime:

Augas de Galicia finanziará a totalidade das obras descritas no apartado A) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 850.000,00€ (OITOCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na conta nº 230, "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

-Actuacións de saneamento:
2014. 275.000,00 €
2015. 275.000,00 €

-Actuacións de abastecemento
2014. 125.000,00 €

2015: 125.000,00 €

Estas actuacións encádraranse dentro do eixe 3. temas prioritarios 45 actuación 2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas pequenas, encuadres, captacion, depósitos reguladores, estacións de tratamento de auga potable, redes de distribución e sistemas de automatización e control), e 45, actuación 3 (construcción de novas redes de colectores –saneamiento e pluviais– e emisarios), comprendidos dentro do programa operativo FEDER Galicia (2007-2013), coa porcentaxe de cofinanciamento comunitario do 80%.

O Concello de Nigrán finanziará a totalidade das outras que describas no apartado B) da cláusula segunda do convenio, sendo o custo total de todas estas actuacións de 200.000,00€ (DOUSCENTOS MIL EUROS), para o que existe crédito suficiente e axeitado na aplicación orzamentaria 1316160902 "Saneamento para mellora ambiental no parque empresarial de Porto do Molle" coa seguinte distribución de anualidades:

2013: 150.000 €
2014: 25.000 €
2015: 25.000 €

CUARTA.-EXECUCIÓN E MODIFICACIÓNES ORZAMENTARIAS

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adjudicación dos concursos de execución das obras repercutirase coa mesma fórmula de reparto en canto ao financiamento, é dicir, as baixas das obras licitadas por Augas de Galicia serán aplicadas aos orzamentos desta entidade e as baixas das obras licitadas polo Concello de Nigrán serán aplicadas aos orzamentos do Concello. Dí mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións dos proxectos de execución así como das eventuais liquidacións definitivas serán assumidas deste mesmo xeito.

Dado que esta actuación está finaciada con fondos europeos 2007-2013 (FEDER 713), deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER, en concreto o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, do 11 de Xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, o Regulamento 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional; así como o Regulamento (CE) Nº 1828/2006, da Comisión, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 (modificado polo Regulamento (CE) Nº 845/2009).

Respectarase, polo tanto, as normas de subvencionabilidade –orde EHA/524/2008 do gasto do Programa Operativo FEDER, así como as normas de información e publicidade establecidas na Guía de Publicidade e as demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

QUINTA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera dos partidos, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Nigrán para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

-Proporvir ás partes a resolución das posibles controversias que puderan xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidad.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

SEXTA.-VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio xurdirá efecto desde a data da súa súa sinatura e se estenderá a todo o período de execución das obras hidráulicas ás que o mesmo se refira.

En todo caso, o convenio rematará o dia 31 de decembro do 2015.

O convenio poderá ser prorrogado mediante a tramitación da oportuna addenda.

SÉTIMA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá resolverse por algúnta das seguintes causas:

-Polo incumprimento grava do seu conteúdo ou das obrigas das partes, sen prexuízo das danos e responsabilidades imputables ao causante.

-Por mutuo acordo.

OITAVA.-NATUREZA

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, raxendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestión litigiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

NOVENA.-PUBLICIDADE.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente con expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Registro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En virtude do disposto no parágrafo anterior as partes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Así queda redactado o presente convenio que en proba de conformidade assinan os comparecientes por traxuado exemplar na cidade e data indicados no encabezado.

O PRESIDENTE DE AUGAS DE GALICIA O ALCALDE DO CONCELLO DE MIGRÁN

Agustín Hernández Fernández de Rojas

Alberto Valverde Pérez

Tendo en conta a normal va que se dala no texto transcrto e certais de aplicación, proponse ac pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o texto final do convenio proposto, asumindo os compromisos municipais que contén.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para subscribir o convenio en representación do Concello de Nigrán e para realizar as demais actuacións necesarias para a execución do acordado.

Deberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Trállase de tres pequenas modificacións que xa se indicaron na Comisión. Espera que esta sexa a redacción definitiva. Está previsto que o convenio se leve ao Consello da Xunta a semana que ven.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Manteñen a postura favorable.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Mantén a súa posición de abstenerse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto. Reitera o apoyo. Espera que non se demore a materialización.

Sr. Alcalde-Presidente. Acúntase o prazo de vixencia, polo que é previsible que se acelere a realización das obras.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15. PP, PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1. Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa.

I.3.- REXEITAMENTO DE REPAGO PARA FÁRMACOS EN HOSPITAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21/11/2013, acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Socialista:

"EXPOSICIÓN DE MÓTIVOS

Dende a posta en marcha, no ano 2012, do Real Decreto - Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urgentes mal chamado para a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde, moitos foron os pasos dados pola administración en contra dos dereitos dos doentes, incluso dos máis graves.

Unha das medidas máis importantes é a obligatoriedade de co-financiar unha parte do custo dos medicamentos por parte dos pensionistas, que pasaron de non pagar polos medicamentos a pagar entre o 10% e o 20% en función da súa renda.

Á introdución do re-pagamento temos que engadirlle a exclusión de máis de 400 fármacos da lista de medicamentos financiados, os cales dende entón multiplicaron o seu custo. Ambas medidas sumadas están rompendo o equilibrio das economías máis fráxies, dun xeito moi especial dos xubilados a xubiladas coas pensións máis baixas.

Non debemos esquerer que os salarios e as pensións en Galicia son dos máis baixos do Estado, polo que esta medida, sumada a outras tamén antisociais que xa se teñen aplicado pola dereita, tanto polo Goberno de Rajoy como polo Goberno de Feijóo, cunha nefasta xestión e complicidade que ambos comparten con políticas en común contra a igualdade de oportunidades e os servizos públicos, que están a deteriorar a calidade de vida e a empezar as desigualdades sociais.

Os Concellos ga egos son dos que teñen máis poboación envellecida. E polo tanto máis pensionistas e máis enfermos crónicos, que é a poboación máis afectada porque é a que consume máis medicamentos. Pensionistas que ademais do re-pago dos medicamentos teñen que facer fronte ás subidas do IVE, as subidas do IRPF, da alga, do transporte... con pensións que en moitos casos non superan os 600 euros.

Estamos comprobando que esta medida do re-pago non reduciu o gasto farmacéutico senón que aumentou o gasto das economías dos enfermos, dos pensionistas e dos cidadáns. E dada a situación económica das familias estanse a dar xa casos de persoas que non recollen os medicamentos despois de ser receitados polo médico por falta de recursos económicos.

Pero se as medidas impostas ata agora tra la publicación do Real Decreto eran inasumibles, os sucesivos recortes e re-pagos que van aparecendo co desenrollo do mesmo aínda están complicando máis as cousas.

Recentemente publicábase no Boletín Oficial do Estado, o 19 de setembro, a Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartela Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia, pola que:

- Se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Salud mediante a asignación de achega do usuario, en desenrollo do Real decreto-lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.

Con esta publicación, feita por certo sen notificación ou información previa do Ministerio de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade, o Goberno evitaba a súa publicidade tratando de

soslaiar a reacción adverxa dos profesionais da sanidade, dos pacientes afectados e das súas familias, presentárdoo así como un feito consumado.

Este Decreto vén de modificar tamén as condicións do financiamento dos medicamentos incluídos na prestación farmacéutica ambulatoria nos hospitais ao implantar o re-pago por parte das persoas usuarias.

O goberno co PP chámalle a isto aportación reducida, pero é unha mentira máis, xa que se trata de pagar o 10% do medicamento de dispensación ambulatoria na farmacia hospitalaria ata 4,20 euros por cada envase e por cada medicamento, non en total, o que supón que o que está máis enfermo é o que máis paga, nun contexto de crise e perda de recursos para a cidadanía. En definitiva, outro novo imposto.

A inxustiza e a crueldade destas medidas vén dada polo feito de que vai ser aplicada aos pacientes más graves e a moitos enfermos crónicos que van ter que empezar a pagar por ese 1% de medicación.

A ministra, Sra. Mato, acorda por medio dessa medida imponer o repago de 157 presentacións farmacolóxicas dun 50 medicamentos que abordan patoloxías de gravidade e cronicidade tales como o cancro de mama avanzado, o cancro de riñón avanzado, o tratamento de diversos tumores cerebrais, a leucemia mielocítica crónica, a artrite reumatoide, a degeneración macular ou a hepática C Crónica, entre outros.

Ante esta circunstancia, moitas foron as asociacións e colectivos de pacientes, profesionais sanitarios e consumidores os que elevaron a súa protesta á administración. De igual maneira o fixeron agunhas comunidades autónomas, como Castela e León, Andalucía, Asturias ou País Vasco, que amosaron a súa incomprensión ante unha medida tan ineficaz como irxusta.

En Galicia, o señor Feijóo xa ten anunciado que as vai comezar a aplicar no mes de xaneiro, sen ningún cuestionamento nin oposición, ainda sabendo o prexudicial que é para os pacientes más graves e o pouco efectiva que vai ser dende o punto de vista económico.

Esta medida, que introduce outro repago mediante un novo imposto aos más enfermos e aos más débiles, supón un quebranto para a saúde pública que se deriva de cobrar tratamentos en situaciones de risco para a vida humana.

Un dereito como é o da saúde non pode converterse nun privilexio.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Nigrán propon na seguinte MOCIÓN:

1º.- Que este Concello solicite do Goberno Galego a NON apicación na CCAA de Galicia da Resolución do 10 de setembro que implanta o re-pago na dispensación ambulatoria dos medicamentos de farmacia hospitalaria indicados para tratamento de graves patoloxías e de doenças crónicas.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a retirada da Resolución do 10 de setembro de 2013, da Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia.¹

Deliberación.- Síntese das intervencións.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Qualifica de inxusta a medida, tendo en conta os destinatarios da mesma. A Xunta anunciou a súa aplicación a partir de xaneiro, a pesar de que nin sequera suporá moitos ingresos. A proposta é pedir á Xunta que non a aplique e que se demande ao Estado a súa retirada. Pensan que as corporacións locais deben denunciarlo e non asumir o pago, como fan algúns, xa que non lle corresponde esa carga.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Un novo gravame neste caso, para persoas polimedicadas. Algún Concello, coma o de Rorotondo, gobernado polo BNG, decidiu asumir esta carga. É unha postura que pretende evitar abusos. Está de acordo coa moción. E ainda podería aspirarse a máis.

D. Antonia Fernández Comesaña, do grupo mixto: É un erro confundir a racionalización do gasto con recortar dereitos básicos de persoas desfavorecidas, e neste caso enfermas. Van apoiála.

Dª. Mª Carmen Alonso Macías Jorrote, concelleira delegada: Son medicamentos para levar para a casa, que se inclúen dentro do límite dos gastos de farmacia. E por iso non suporán o incremento da cota actual. Absteranse. En Nigrán os servizos sociais asumirán o custe se os pacientes non teñen medios para afrontalo.

Sr. Alcalde-Presidente: Absteranse. Pensan que non é unha medida efectiva.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún
- Abstencions: 7; PP.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

1.4.- REXEITAMENTO DA SUBA DO CANÓN DE SOGAMA POLO TRATAMENTO DO LIXO

A) Dírame da Comisión Informativa.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 21/11/2013, acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo Grupo Socialista:

"EXPOSIÇÃO DE MOTIVOS

No proxecto da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta do Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21^a, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 Euros/Tonelada métrica tratada, mais IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 Euros/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, se aprobarse definitivamente a prelación da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Xustifica a Xunta este desmedido incremento na caída das primas estatais que percibe SOGAMA pola valorización enerxética dos res dulos (incineración de lixo), caída que ten a súa orixe nunha decisión do Goberno Rajoy.

O certo é que, analizando as contas que se recollerán no proxecto orzamentario autonómico para o próximo ano, SOGAMA, co novo canon, pasaría de ter perdas no exercicio de 2013 a ter uns beneficios no 2014 de 6.624.160 Euros, despois de impostos.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten c 51% do capital social, se plantea, nos tempos de crise que estamos a sufrir, a prestación dun servizo público, con afán recadatorio, toda vez que o fin da suba non é o de conseguir a simple cobertura de costos do servizo, senón tamén o de xerar uns inxustificados beneficios, beneficios que serían directamente destraídos dos xa moi empobrecidos petos dos cidadáns.

É de todos coñecido que a práctica totalidade dos concellos están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, atopándose nunha situación moi delicada que lle ten obrigado a deixar de prestar ós seus veciños a gúns servizos moi necesarios. De levarse a cabo este incremento que pretende a Xunta a penuria do municipalismo galego será moiísimo maior.

Os Socialistas apostamos por afrontar esta situación dende o diálogo e o respecto institucional entre os poderes locais, representados na FEGAMP, e o poder autonómico, e demandamos da Sociedade Galega de Medio Ambiente fer cumprido coñecemento da realidade da súa xestión económico financeira e organizativa, así como dos parámetros de eficiencia medio ambiental e ecolóxica que alcanza no tratamento dos residuos que se lle confian.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Nigrán, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACÓRDOS:

“ Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urgente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21^a, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano

2014

2º. Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posla en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

3º. Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requirán da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría extensa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiente, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

4º. Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se rellire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integralmente polo Goberno autonómico, sen repercusión algúnta nas transferencias ós concellos.⁷

B) Emenda do Concelleiro do grupo Mixto D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG):

Engadir á proposta ditaminada o seguinte apartado:

5º Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020 eliminando a previsión de construir unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiarco un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comerciais de reciclaxe e compostaxe, que posibilita a creación de emprego e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista. Trátase dunha suba do 33% que recaerá sobre os cidadáns. Os concellos tamén teñen unha situación económica penosa. O Alcalde anunciou que os 187 000 euros non os pagarán os veciños. ¿De onde van sair? Loxicamente de fondos municipais, que non se poderán destinar a outros fins. Non deberíamos asumir esta suma, senón demandar da Xunta que non leve a cabo o incremento. Así o pide a moción (dálle lectura aos apartados da proposta de acordo).

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Trátase dunha suma moi elevada que en todo caso van pagar os veciños, ainda que sexa indirectamente. Para salvar grandes empresas adóptanse medidas que acaban pagando os cidadáns. Aquí están presentes os prexuzos que para SOGAMA se derivan do novo marco da coxeneración eléctrica. Agora perdeu parte dos seus ingresos ao chegarlle menos residuos, e isto, que pode ser positivo (menos lixo), incrementa o seu déficit (meros ingresos pola venda da enerxía xerada). Un modelo de xestión non sustentable. Débese buscar modelos alternativos. Formula unha emenda no sentido de engadir un novo apartado referido a revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos

Urbanos de Galiza 2010-2020 e iminando a previsión de construir unha nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere o actual, mediante proxectos comarcas de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe propios dos modelos en funcionamento máis avanzados.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: SOGAMA ten prestado un servizo importante A taxa en Nigrán non chega aos 90 euros. No cubre os custos do servizo. Este incremento é un duro golpe para a economía local. É arriscado dicir que o Concello o vai asumir. A situación económica actual é de incumprimento da estabilidade orzamentaria. Isto non é compatible con esa iniciativa. A nova regulación enerxética contribúe ao déficit SOGAMA E o incremento ven a unirse a outros xa producidos. Por outra parte, parece necesario analizar en profundidade a xestión da entidade. Os concellos non teñen neste momento alternativas para prescindir de SOGAMA.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Os servizos ha que pagalos, pero a forma de tratar esta cuestión non fai a axeitada. Se o Concello o asume ten que destinar fondos a isto, defraéndoos doutros. A revisión do padrón aportará medios económicos. Absteránse.

Sr. González Pérez: A realidade é que se produce un incremento que se debe rexeitar de forma que a Xunta reconsidera o proceso.

Sr. Rodríguez Fernández: Pide que se apoie a emenda.

Sr. Fernández Comesaña: Pensa que a emenda é asumible. Pregunta canto suportan as altas en lixo.

Sr. García Pazos: Suborán uns 200.000 euros, pero hai un problema informático na área económica que está atrasando o trámite do padrón. Por iso a estabilidade haberá que ver como queda a fin de ano.

Sr. Fernández Comesaña: O incremento que derive de novas altas haberá axustalo á vista das reclamacións ao padrón.

Sr. Alcalde-Presidente: Paganse 78,95 euros polo lixo. SOGAMA debe resolver os seus problemas de xestión. A través da FEGAMP pode haber iniciativas para resolver esta cuestión. Non haberá repercusión no recibo. As 2.000 novas altas no padrón do lixo aportará medios adicionais.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar.

- Votos a favor: 9; PSOE, Mixto e Concellero non adscrito
- Votos en contra: Ningún.
